

## O VIÑO E A TABERNA

Cada día estou máis seguro de que a taberna tradicional é PATRIMONIO INMATERIAL e, por suposto, tamén MATERIAL.

Nos meus recordos da infancia, de mozo e de agora mesmo, sempre teño algunha taberna na memoria. A da Xuventina en Entremuros, O Bar El Cuco, onde tanto falei de folclore, e as visitas ás tabernas do Ulla, algunhas delas, templos etnográficos que me levan ao recordo doutras épocas e que sempre me apaixoaron, tanto pola orixinalidade do espazo físico, como por ser lugares de socialización e espaxemento postlaboral.

### Que dicir da taberna?

Unha barra de mármore tinguida de tinto, os carteis das festas, os planos da parcelaria, tabaco, chourizos, cartas, pipos,... Todo é taberna! Segun dín os avós, a taberna non tiña horarios, porque aínda que se pechara a porta, por orde da autoridade, a xente podía quedar dentro... Os temas de conversación nas tabernas eran variados: o traballo, a caza, a vida en xeral e, por suposto, tamén había tempo para a discusión.

Tradicionalmente, a taberna non era un lugar para as mulleres e non estaba ben visto que foran a consumir; as señoras debían gardar as aparencias. Tan só acudían a mercar produtos variados, xa que as tabernas mantiñan unha pequena rede de distribución minorista. Así dí o cantar "Miña nai e maila túa, xuntas foron á taberna, miña nai tróuxome viño, e a túa tróuxoche herba". Eso sí, acostumaban mandar aos nenos á taberna para mercar o viño e outras necesidades.

As tabernas adoitaban proveerse de viño e augardente, da súa produción particular, si é que tiñan, mercando nas bodegas doutros colleiteiros ou aos arrieiros. Pola contra, os consumidores fiábanse máis do viño que mercaban aos colleiteiros que o mercado na taberna. Desconfiábase do "aguado do viño". Dí o refrán "O bo taberneiro, antes de vendelo viño, o bautiza primeiro".

Hai quen na taberna facía moito desembolso de cartos, sirva como exemplo a copla: "Echa vino tabenera, hasta que salga borracho, que a mí no me piden pan, la mujer ni los muchachos". Ou "Eu non teño home, nin quero casar, marchan a taberna, vanse a emborrachar, vanse a emborrachar, eu non teño home, nin quero casar".

Na literatura, o viño e a taberna están amplamente representados, basta poñer como exemplo as obras teatrais de: "Pauto co demo", de Anxel Fole, e "A tía Lambida". Na prosa é de sinalar: "Os camiños da vida" de Otero Pedrayo, a "Esmorga" e outros escritos de E. Blanco Amor, no que se fai unha descrición dunha taberna "Feriantes, regateras, gente del agro, de

paso por la urbe, con su gusto por la comida de taberna. Veo pasar los toros de pescado rebozado, las potas de carne con azafrán,...empiezan por traerme, sin preguntar, la jarra de tinto honrado" ,1967.

En "Maxina ou a filla espúrea", de Marcial Valladares, faise mención da preocupación dalgúns homes para non ir a taberna: Bieito entonces, viendo que su compañero ya se adelantaba en derechura hacia la taberna, le tiró de la chaqueta y le dijo: - Félis, hoy no hace falta vino. El hombre honrado en su casa. ¿Que dirían las mujeres si llegásemos de noche o borrachos?

As tabernas da contorna ennobrece a FESTA DO VIÑO, porque viño e taberna están unidos en perfecta comunión. Unha suxestión, "que non falten nin o viño nin as tabernas", porque elas son lugar de encontro, de conversa, e por suposto de "exaltación".

**Francisco Collantes**